

## Cáritas presentará o seu programa de emprego en Porto do Molle

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Domingo, 13 Decembro 2015 22:19

---

Cáritas Diócesis de Tui-Vigo presenta o seu programa de emprego en Porto do Molle. No encontro terá lugar un coloquio sobre "Bonificacións na contratación" e finalizará cun viño español. A mesma dará comezo este luns 14 de decembro ás 20 horas na Rúas das Pontes s/n, Nigrán.

Cáritas está a levar cabo unha campaña de difusión do seu programa "Cáritas es empleo, Cáritas es confianza" ao tecido empresarial e a sociedade en xeral. Segundo explica a organización, a campaña consta dun audiovisual con testemuños de empresas colaboradoras, formadores e demandantes de emprego. Apoia esta realización unha páxina web informativa así como perfís nas redes sociais. Finalmente desenvolven xuntanzas de presentación como esta que terá lugar en Porto do Molle, abertas a todo público.